

Publicarase neste último trimestre de ano un **concurso xeral** de operadores/as de información e persoal examinador. Non cuantifican o número de prazas pois aínda están a traballar nesa cuestión. O que si informan é que se planifica a convocatoria das prazas tendo en conta a situación en que van quedar as xefaturas a curto/medio prazo coa idea de que as RPTs queden suficientemente cubertas ante as xubilacións previstas para o que queda de ano e o próximo. O que na práctica debería significar que se convocarán bastantes prazas na Galiza (mencionouse a XPT de Ourense como exemplo).

Reclamamos que, antes de ofertar prazas de OEP libre se oferten por concurso ao persoal que xa está no organismo. Non so para o corpo de examinadores (como solicitou algún sindicato) se non tamén para o resto de colectivos, nomeadamente operadorxs de información. A Administración responde que a súa intención é cumprir co compromiso dado na mesa delegada anterior a este respecto e cubrir as prazas das localidades con alta demanda a través de concursos de traslado previos. Haberá que ver se dan cumprimento desta volta.

A DIG demandou, así mesmo, que se identifique e publicite todas os **postos deslocalizables** existentes na DGT para que todo o persoal do organismo coñeza cales son as condicións de traballo (postos dependentes da subdirección de orixe en lugar das xefaturas e con tres días de teletraballo) e poidan ser solicitadas tamén polo persoal de xefaturas. Ademais dos postos dos centros de xestión, a DGT recoñece outros 136 máis deste tipo, moitos na Xerencia de Informática, pero tamén noutros departamentos/subdireccións e con postos de perfil máis xestor/administrativo. Prazas algunhas delas que, de saber que non é preciso traballar en Madrid, de seguro serían demandadas por compañeiros/as “de provincias”. Insistimos ademais en que non é lícito ofertar postos de traballo con perfís que non correspondan coas funcións reais do posto, pois na práctica supón substraer oportunidades ao persoal con máis antigüidade ao non ser coñecedora das súas condicións reais.

Interinidades. Co 30% de vacantes no organismo, o escaso interese de persoal doutros organismos en participar nos nosos concursos de traslado, e a lentitude dos procesos selectivos de oferta libre, os esforzos da DGT dos últimos meses estivo en convencer a Función Pública para que autorizasen a contratación de persoal interino. Das 500 contratacións solicitadas foron autorizadas 300 ligadas a vacantes vinculadas a OEP libre e que tiveron que ser reclasificadas a niveis 15 para que se concederan. Polo tanto, non se convocarán no concurso de traslados próximo. Iso non significa que as prazas (de GZ) ocupadas por persoas interinas vaian ofertarse na próxima convocatoria de oferta de emprego

libre, pois dependerá do número de prazas que Función Pública adxudique ao organismo, e o reparto farase unha vez que se coñeza a cantidade e a situación concreta na que se atopen as diferentes xefaturas (e servizos centrais) nese momento. Solicitarase a Función Pública a contratación doutro cupo de persoas interinas no 2025.

A Administración lanza a mensaxe de que, unha vez aliviada a situación de persoal con estas contratacións, a súa intención é traballar en mellorar as retribucións para fidelizar ás traballadoras/es. A reclasificación de postos de niveis medios que levamos anos reclamando (desde niveis 18) informan de que é complexo xa que tería que ser autorizado por Función Pública e Facenda. De xeito alternativo, coa idea de fidelizar e retribuír ao persoal, e tamén para atraer xente nova, estase a traballar nun cambio na produtividade que, pola complexidade e a falta de persoal, non presentarán ata o primeiro trimestre de ano. Terá en conta un novo sistema de cálculo da carga de traballo máis actualizado e que atenderá á tipoloxías de postos diferentes. A produtividade actual conviviría con este novo sistema de avaliación do desempeño. Mentres, manteremos a produtividade como a coñecemos e haberá remanente a final de ano (aínda que de menor contía).

Promoción interna. Recibida de Función Pública petición de prazas para as persoas que aprobaron Xestión da AXE, a DGT informa que van ofrecer reclasificación e posto a todas as que escollan permanecer no organismo, incluíndo a operadores de centros de xestión e a examinadores/as. Reclasificarán a un nivel 20, con opción de niveis 22 ou 24 naquelas xefaturas onde haxa vacantes, aclarando que se tratan de postos xerais de administración. Tratouse, así mesmo, que se estude a posibilidade de ofrecer praza de xestión ás persoas (do colectivo examinador) que aprobaron no 2020 ás que non se lle deu esta oportunidade no seu día. Ofertarase do mesmo xeito a reclasificación ao persoal funcionario que aprobou o acceso ao corpo administrativo.

Volve solicitarse explicación polos **cortes e caída de liña** nas aplicacións. O técnico responsable desta cuestión, explicou que o sistema sobre o que está sostido a informática da DGT (Host) é insuficiente para as necesidades actuais polo aumento de esixencias dixitais. O problema é que a migración a outro sistema que sexa capaz de soportar a enorme presión actual hai que facelo de xeito gradual para que o organismo non deixe de dar o seu servizo. Insiste en que a prioridade do traballo do seu departamento é que as xefaturas traballen co menor número de incidencias posible. Aseguran que os cortes de actualización do sistema -pese a percepción que temos en xefaturas- prográmanse para que se realicen de madrugada e despois das catro da tarde e non afectar así ao traballo diario.

Outra consecuencia da falta de persoal é a acumulación de tarefas en moitas xefaturas, polo que se está a conceder a posibilidade de facer horas extraordinarias en moitas xefaturas, incluso en modo teletraballo. A DGT ten a intención de presentar en Función Pública un plan de traballo –“Nodrizas”- que permita a realización de horas extraordinarias a persoal que o desexe voluntariamente para xefaturas de calquera punto do Estado. O plan está deseñado xa (no seu día presentado a FP que rexeitou financeiro), pero ante as demandas actuais, pretenden retomalo.

En vista dos problemas específicos do **persoal examinador** (problemas coas tablets, temas de prevención de saúde laboral, problemática dos centros de exame desprazados, puntos de saída de exame nas cidades...) acordouse celebrar unha xuntanza en novembro para que poida participar a Subdirectora de Formación Vial, ausente da DGT estes días. Solicitouse que se estudase a posibilidade de cargar na APP da DGT o resultado do exame práctico ao final da xornada pois a inmediatez coa que se coñece o resultado está a provocar conflitos con persoas suspensas.

Ante o requirimento de información da CIG (e fóra xa do prazo legal de adaptación do aprobado para a AXE) desde a DGT informan que o organismo sumarase ao ***Protocolo de actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo*** que está a piques de aprobar o Ministerio de Interior. Publicarase para información do persoal unha vez aprobado.